

Ás veces, ó chegar a primavera, Gorgorín e Cabezón van moi lonxe divertirse á ouvea do río. Alí, mentres Gorgorín se escoa na auga coma unha troita, Cabezón batolexa e dá bufidos sen saír do sitio. Un día, sen eles decatarse, chegaron de súpeto os homes do saco...

Uxío Novoneyra é un dos grandes escritores galegos, sobre todo como poeta. *Gorgorín e Cabezón* é o seu segundo libro de contos para rapaces de cinco a cen anos.

Nesta colección ten tamén *O cubil do xabarín*.

**EU XA LEO**

**A partir dos 5 anos**




**ala delta**

**ala delta**

Uxío NOVONEYRA  
QUINTANA & VÁZQUEZ

## GORGORÍN E CABEZÓN



1 - 45

EDERVIVES

Coordinador da colección: **Xulio Cobas Brenlla**

© Uxío Novoneyra  
Manuel Quintana Martelo  
Editorial Luis Vives, 1992  
Deseño da cuberta: José Antonio Velasco  
Depósito legal: Z. 196-92  
ISBN: 84-263-2170-4  
Obradoiros gráficos Edelvives  
50012 Zaragoza  
Printed in Spain

Prohíbese a reprodución total ou parcial desta obra baixo calquera forma, sen a autorización, previa e por escrito, dos titulares do *copyright*, excepto citas sempre que se mencione a súa procedencia.

R. M. 958

*Uxío Novoneyra*

---

# GORGORÍN E CABEZÓN

---

Ilustrado por  
*Quintana & Vázquez*

Edición, preparación e normativización por  
*Xulio Cobas Brenlla*


**EDELVIVES**




Gorgorín e Cabezón  
apandaban xuntos.

Cando os días dan para todo  
—alta primavera—  
eles danse á ouvea do río.  
O Gorgorín vai diante  
dando pulos e berros costa abaixo





e cando chega Cabezón,




sea el anda á chapuca  
por cachoeiras e pozas.


Cabezón, ademais de chegar  
o traseiro,  
demora en despirse  
e, antes de meterse,  
tenta varias veces a auga  
coa punta da deda  
baixándoa inordiña  
e erguéndoa instantáneo.




E, cando por fin se decide,  
busca unha rechave queda  
e ¡alá vai!  
un estoupido coma se guindasen  
unha gran lousa.  
Os peixes liscan asustados  
e amosan de lonxe as cabeciñas  
por ver que becho é aquel...



Cabezón, coma unha balea,  
a penas sae dun sitio,  
mais, eso si,  
batolexa e dá bufidos  
sacando moita espuma,  
mentres que o Gorgorín  
se escoa nas ondas suave  
coma unha troita.




Un dos días que baixan ó río  
sen dicilo  
e non hai alma viva en todo ó redor,  
chegaron escazurrados  
os homes do saco  
¡tan antigos,  
que xa se cría que non existían!






Ó ver o sós que estaban,  
fóronse achegando  
xagaces e gachos  
polo bouzal da orela,  
velándoos dende un mato pecho  
e preparándose...




Tiñan un saco grande e outro terciado e estaban pensando en cal metelos, pois querían levar un deles baleiro por se aparecían máis nenos ouveóns. Inda que o vulto de Cabezón non era para dubidar.



É, ¿que pasou?  
¿que non pasou?  
Pasou o que pasou.  
Pasou que...  
Sae do río o Gorgorín  
e acénalle a Cabezón  
que saia el tamén  
para ir cachea-los arredores  
como tiñan de costume.



Agarrado a unha raigaña  
que penduraba da beira,  
xa Cabezón sacara un pé,  
cando, polo peso, rompeu a raigaña  
e ¡volta á gran zoupada na poza!,  
e ¡volta os peixes a fuxir!



Tivo que achegarlle Gorgorín  
un deses gandelos pelados  
que o río deixa na orela.  
Collido a el,  
puido por fin saír Cabezón  
moi alcanzado  
deixándose caer  
na area quente coma un saqueto.



Enxugados ambos,  
o Gorgorín propón:


- ¡Dámo-la batida?

- Sexa -aceptou Cabezón-.

Éi vas pola bouza  
e eu pola orela.

Facémo-lo cazador e o can.

Éi, que es lixeiro, vas diante  
ladrando e escacinándoo todo,  
mentres eu te sigo inorde,  
arma en colo.



O Gorgorín, xa en marcha,  
ordenou, volvendo tenderlle o mesmo  
paulote co que lle axudara a saír do río:

—Toma este gandelo  
de escopeta.  
Comezaremos por aquel mato —

e sinalou precisamente a touza  
onde estaban agachados os ladróns  
cos sacos preparados  
e oíndo todo.




Botouse o Gorgorín  
a ladrar delgado  
e Cabezón sígueo a dous pasos  
co gandelo en postura de disparo.





Namais entrar no mato,  
o Gorgorín, que ía con moita  
cachafuleia,  
calou de súpeto.


Un dos vellos ladróns  
ganzouno pola covaracha  
e, patalexa que garnexa,  
¡ó saco!



Detrás chegou Cabezón  
e a mesma operación.

Mais, un fol non é un punteiro  
e, por máis que premían nel,  
non daba cabido.


Entrementres, o Gorgorín  
non deixaba de patalexar  
e guizparse para fóra  
por unha bozaina.



Por fin, decidiron meter un en cada saco e, collendo ó Gorgorín, que xa amosara a cabeza pola bozaina, ripárono pola «crina» indo parar ó outro saqueto.



Un dos ladróns pilla con Gorgorín  
ó lombo,  
en tanto que o outro  
segue a amasar en Cabezón  
para que lle coubese a cachola.



Por fin, decidiron meter un en cada saco e, collendo ó Gorgorín, que xa amosara a cabeza pola bozaina, ripárono pola «crina» indo parar ó outro saqueto.




Un dos ladróns pilla con Gorgorín  
ó lombo,  
en tanto que o outro  
segue a amasar en Cabezón  
para que lle coubese a cachola.



Amasuca, amasuca,  
puido facelo entrar todo  
cabeza abaixo,  
mais sen chegar ó fondo,  
pois Cabezón  
agarrábase con forza ó mustil do saco  
ó tempo que velaba  
pola bozaina esbancada  
que deixara Gorgorín  
ós pés do ladrón.



Cando este quixo ergue-lo saco,  
Cabezón ceibouse do mustil  
deixándose ir de cabeza  
sobre dos pés que viña velando.  
O ladrón deu tal berro,  
que o outro  
soltou o saqueto e Gorgorín  
sae coma unha lagartixa  
e dá en correr con gran allarido  
pedindo auxilio.






Os ladróns déronlle ó zoco abandonando sacos e todo. Un deles, á pata-coxa cunha deda esmagada pola testa de Cabezón.

—E el ¿que foi dos nenos?

—Pois nunca máis volveron irse tan lonxe á suvea e aínda se fixeron máis amigos sea que, estando en perigo, loitaron xuntos pondo cada un o que o outro non tiña.



## Vocabulario

- Á chapuca:** batuxada, chapuzadura, ó chapoteo.
- Alcanzado:** sen respiración, forzado do alento.
- Á ouvea:** ir en panda para xogar e enredar.
- Apandaban:** xuntábanse formando unha panda.
- Batida:** exploración con berros e ruído polo monte para saca-la caza.
- Batolexa:** bate.
- Bouzal:** bouza, bosque de arbustos ou de árbores baixas.
- Bozaina:** furado a xeito dunha boca.
- Cachafuleia:** ruído mesturado, escachafoula.
- Cachoeiras:** golforóns de auga abundante en caída. Fer-  
venza.
- Covaracha:** coviña do pescozo.
- Deda:** dedo gordo do pé.

- Esbancada:** moi aberta, esbozainada.
- Escacinándoo:** escudriñándoo, rexistrándoo.
- Escazurrados:** ocultándose para non ser vistos.
- Escoa:** esvara, escorre, desliza.
- Gachos:** pegados á terra, anicados, ás agachadas.
- Gandelo:** póla seca, cana sen follas.
- Ganzouno:** pillouno, colleuno, enganchouno.
- Garnexa:** fai sons de afogo coa gorxa.
- Guizparse:** escaparse, fuxir, liscarse.
- Inordiña:** engordiño, moi a modo.
- Mato pecho:** mato espeso, cerrado.
- Mustil:** tecido de saco; tea de saco.
- Raigaña:** raíz.
- Rechave:** curva, volta, remanso.
- Ripárono:** sacárono por un sitio estreito.
- Tenta:** tantea.
- Terciado:** de medio tamaño.
- Touza:** espesura de plantas e arbustos que inzan moi xuntos.
- Velándoo:** vixiándoo, asexándoo.
- Xagaces:** sagaces.